

SESIÓN AULA VIRTUAL

Método de facer o cursiño: Ver un vídeo breve, axudarán uns apuntes e logo entrega dunha Tarefa ó final de cada Tema.

Entramos na Aula Virtual do Centro porque o/os Administradores do Centro déronnos as claves que deberemos cambiar e gardar.

**Usuario
contrasinal**

Os entornos onde vamos traballar son:

- O curso habilitado para este cursiño.
- O curso que cada un de nós vamos a activar para facer unha serie de tarefas iniciais.

Na nosa Categoría dentro da Aula Virtual podemos ver a asignatura que impartimos e logo teremos a posibilidade de “Engadir un novo curso” _situado na parte do medio.

1- FORMATO DO CURSO:

Pasos básicos: **Nome, nome curto. Descrición. Formato.**

E lembrade que mentres non o teñamos definitivamente ben feito tal vez interese que estea agochado (agochar //amosar) en visualizar.

No curso onde está a información do curso visualizade un vídeo de pouca duración para que haxa un coñecemento do entorno-

1- Empezaremos poñendo **o título do voso futuro** curso e na segunda liña poñemos un nome máis curto.

Describiremos dun xeito curto cál é o noso curso se queremos, as veces en Moodle permiten saltar espazos e outras veces xa non nos deixan seguir adiante porque hai ocos sen cubrir, os alumnos non teñen que ver todos pero temos que ter coidado co que poñemos, por si acaso e sempre que editemos podemos Gardar e Mostrar o que sale nos nosos cursos.

2-Logo xa empezamos cambiar o perfil //cambiar o contrasinal:
_(A administración desta Avirtual non permite cambiar foto de perfil.)

Na parte dereita superior en **preferencias**. Ao lado de onde pon o noso nome
Cambiar o contrasinal é importante porque podemos despistarnos e non sair
dalgunhas sesión nalgunha aula e podemos ter problemas.

Podemos nalguns Centros ter foto de perfil vosaa , ou dunha paisaxe, o que queirades, os rapaces
xa terían visionado dela, cando se dirixen a vós. A ruta que teriades que seguir é a seguinte:

Meu perfil >podedes ver os datos de Usuario>Contrasinal>> e máis abaixo ***Imaxe*** e aí
modificades e cargades algunha foto que teñades no voso ordenador .

Para eso teremos que ir a **Administración** que por defecto está a esquerda xunto con **Navegación**.

TAREFAS DESTA SEMANA

.Tarefa 1:

- Engadir un novo curso dos que tedes que facer para as clases ou como práctica deste minicurso.
- Participa no Foro do curso SAÚDOS que puxen na parte superior para presentarse

Copia o link da barra de direccións e pega esa dirección na Tarefa 1 no oco TEXTO EN LIÑA.
